



Proxecto de Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao ordinal primeiro do artigo 81 daquela o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o punto 30 do número 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6 que se entende por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. Así mesmo, no artigo 51 establece que as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño se organizarán en ciclos de formación específica, que incluírán unha fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres.

O Real decreto 596/2007, do 4 de maio, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, define estas e establece a súa finalidade e os obxectivos, ordenándoas e fixando as ensinanzas mínimas, e encomenda ás administracións educativas o establecemento do currículo correspondente a cada título, de acordo co establecido no artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no Real decreto 596/2007, do 4 de maio, e nas normas que regulan os títulos respectivos.

Publicado o Real decreto 218/2015, do 27 de marzo, polo que se constitúe a familia profesional artística de Escultura, establece o título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas pertencente á dita familia profesional artística, e no cal se aproban as correspondentes ensinanzas mínimas, e tendo en conta o Real decreto 303/2010, do 15 de marzo, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, corresponde ao Consello da Xunta establecer o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, sinalando os seus obxectivos, as súas competencias e os seus contidos.

As ensinanzas que regula este decreto configúranse para garantir unha formación artística ao alumnado que lle permita acadar criterios estéticos para afrontar a labor de creación inherente a todo proceso proxectual, e para valorar obxectivamente o patrimonio artesanal e artístico existente e a obra allea; e por outra banda, facilitarlle a adquisición dos coñecementos científicos e tecnolóxicos, e as capacidades e habilidades que lle permitan non soamente a súa incorporación á vida laboral activa,



senón tamén afrontar, con garantías de eficiencia, a necesaria adaptación ás modificacións técnicas e sociolóxicas que se producirán ao longo da súa vida activa, atendendo as demandas cambiantes do sistema produtivo.

O ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas está integrado por módulos de duración variable que cobren aspectos da formación do/a alumno/a, concibidos como áreas homoxéneas de coñecemento, capacidades e habilidades. As capacidades terminais de cada módulo describen o comportamento do/a alumno/a en termos de resultados avaliábles, requiridos para acadar as competencias básicas que integran a competencia xeral. A constatación destas competencias, en termos de avaliación positiva, garante a validez do título en todo o Estado, e a súa correspondencia europea.

Os contidos curriculares relacionados non constitúen unicamente unidades temáticas, senón que os concretará o equipo docente do ciclo formativo, de xeito que todos eles queden organizados temporal e transversalmente seguindo un criterio propedéutico, que garanta que todos os contidos se imparten sen que se produzan solapamentos entre os diferentes módulos. Esta programación de ciclo formativo terá en conta os elementos establecidos no artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e comprenderá, así mesmo, a metodoloxía didáctica e as actividades formativas non periódicas que se consideren necesarias, servindo finalmente de punto de partida para a programación de aula que cada docente faga e aplique no módulo que imparta.

Asemade, e de acordo co artigo 13 do Real decreto 596/2007, do 4 de maio, o currículo que se establece neste decreto permitirá que os centros docentes que o impartan, mediante a posta en marcha do seu proxecto educativo, e a través das programacións didácticas de cada un dos módulos que o integran, o desenvolvan e completen, tomando en consideración as características do contexto social e cultural, as necesidades do alumnado, con especial atención ás de quen presente unha discapacidade, e as posibilidades formativas do contorno.

A fase de formación práctica facilitará o desenvolvemento das capacidades socio-laborais que requiran ser completadas e verificadas nun contorno real de traballo, así como aquelas outras necesarias para completar as competencias profesionais acadadas no centro educativo.

O módulo de proxecto integrado nos ciclos formativos de grao superior ten por obxecto que o alumnado sexa capaz de integrar, aplicar e valorar os coñecementos, destrezas e capacidades específicas do campo profesional da especialidade a través da formulación e realización dun proxecto axeitado ao nivel académico cursado, que evidencie rigor técnico, cultura plástica, expresión artística, sensibilidade estética e posibilidade de realización e viabilidade.

Finalmente, na aplicación deste decreto por parte dos centros docentes terase en conta o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a



atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como o disposto nos artigos 9, 14 e 22 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, consultado o Consello Escolar de Galicia, co ditame previo do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores, (oído o/de acordo co) Consello Consultivo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día ... de de

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto

Artigo 1. Obxecto

O presente decreto establece o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas, pertencente á familia profesional artística de Escultura, de acordo co establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no Real decreto 596/2007, do 4 de maio, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, e no Real decreto 218/2015, do 27 de marzo, polo que se establece o título de Técnico Superior en Técnicas Escultóricas, pertencente á familia profesional artística de Escultura e se aproban as correspondentes ensinanzas mínimas.

CAPÍTULO II

Identificación do título, perfil profesional, contorna profesional e prospectiva do título no sector

Artigo 2. Identificación do título

O título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas identifícase polos seguintes elementos:

Denominación: Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas.

Nivel: grao superior das ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño, que correspondente ao nivel 1 do Marco Español de Cualificación para a Educación



Superior (MECES), segundo o establecido polo Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, modificado polo Real decreto 22/2015, do 23 de xaneiro.

Duración: dúas mil horas.

Familia profesional artística: Escultura.

Referente europeo: CINE-5b (Clasificación internacional normalizada da educación).

Artigo 3. Perfil profesional do título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas

O perfil profesional do título de *Técnico Superior* de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas determínase pola súa competencia xeral e polas súas competencias profesionais.

Artigo 4. Competencia xeral

A competencia xeral do título de *Técnico Superior* de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas consiste en:

- a) Elaborar obra orixinal escultórica de calidade técnica e artística, a partir do propio proxecto ou dun encargo profesional determinado.
- b) Planificar a elaboración, mediante a definición dos aspectos estéticos, formais, funcionais, materiais e de produción.
- c) Organizar e levar a cabo as diferentes fases do proceso garantindo a seguridade das operacións e realizando os controis de calidade correspondentes ata a obtención do produto rematado.

Artigo 5. Competencias profesionais

As competencias profesionais do título de *Técnico Superior* de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas son as que se relacionan:

- a) Definir as características formais, funcionais, técnicas, materiais e estéticas dun proxecto propio ou dun encargo dado, para a realización de obra escultórica de carácter aplicado e ornamental.
- b) Realizar planos, bosquejos e debuxos con técnicas de cor, así como elaborar maquetas e modelos para visualizar o resultado final das obras escultóricas, ornamentais e decorativas e elaborar a documentación do proxecto.
- c) Planificar e levar a cabo o proceso de elaboración de obras escultóricas, atendendo ás características da peza e as especificacións do proxecto.



- d) Realizar os controis de calidade correspondentes a cada momento do proceso de elaboración co fin de garantir a calidade técnica e artística das pezas e efectuar a montaxe destas.
- e) Coñecer, seleccionar, preparar e utilizar os materiais máis axeitados ás especificacións técnicas, formais, funcionais e estéticas do proxecto.
- f) Coñecer as especificacións técnicas das ferramentas, equipos, útiles e maquinaria ao seu cargo e organizar as medidas de mantemento periódico destes.
- g) Estimar consumos e calcular volumes e despezamentos para optimizar o material necesario para a realización da peza.
- h) Coñecer e utilizar as principais técnicas de escultura en madeira.
- i) Coñecer e utilizar as principais técnicas de escultura en pedra.
- j) Coñecer e utilizar as principais técnicas de baleirado e moldeado.
- k) Coñecer e utilizar as principais técnicas de fundición artística.
- l) Aplicar as pátinas e recubrimentos protectores necesarios para un bo rematado.
- m) Establecer as condicións que garantan a seguridade das operacións de elaboración e a prevención dos posibles riscos derivados da súa actividade profesional.
- n) Asesorar e coordinar grupos de traballo, organizar o proceso produtivo e creativo e transmitir con precisión a información axeitada para conseguir o resultado idóneo, tanto no traballo en equipo coma na obtención dos distintos produtos escultóricos en madeira, en pedra, en forxa, en fundición artística ou de moldeado e baleirado.
- ñ) Organizar, administrar e xestionar un taller de escultura artística en madeira, en pedra, forxa, fundición artística ou de moldeado e baleirado, ben sexa como asalariado, autónomo ou en cooperativa, considerando aqueles factores artísticos, técnicos, económicos e de seguridade imprescindibles no traballo.
- o) Elaborar presupostos nos que se definan os materiais e procedementos a empregar, e se calculen os custos a partir dos requisitos técnicos, funcionais e estéticos, así como a rendibilidade do traballo a realizar.

Artigo 6. *Contorna profesional*

A persoa que obtén o título de *Técnico Superior* de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas desenvolve a súa actividade como profesional autónomo ou como traballador/a por conta allea en empresas e talleres de carácter artesanal ou artístico relacionados coa execución de proxectos de realización de obra escultórica, realizando o seu labor no marco das funcións e obxectivos asignados ao seu posto de



traballo e coordinando pequenos grupos de traballo de profesionais de inferior nivel.

Artigo 7. Prospectiva do título no sector

1. A persoa que obtén o título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas pode exercer a súa profesión nos sectores produtivos no ámbito público ou privado, en medianas e pequenas empresas mediante sistemas de produción industriais e en talleres artesanais e artísticos mediante sistemas de produción semi- industrial e artesanal.

2. A demanda laboral destes profesionais oríéntase en dúas direccións:

a) O traballo na liña de produción dunha empresa, coa suficiente capacidade de adaptación aos diversos momentos do proceso produtivo.

b) O traballo independente de carácter máis persoal e creativo.

3. A persoa que obtén o título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas é un/unha profesional cualificado/a para desenvolver os seguintes postos de traballo e ocupacións:

a) Encargado/a de taller de produción artística de elementos ornamentais, decorativos e escultóricos.

b) Realizador/a de obra de elementos escultóricos destinados a funcións ornamentais e decorativas.

c) Proxectista de obras destinadas a funcións ornamentais, decorativas e escultóricas.

d) Realizador/a de obra de elementos escultóricos destinados á recuperación de patrimonio.

CAPÍTULO III

Ensinanzas do ciclo formativo e parámetros básicos

Artigo 8. Obxectivos xerais do ciclo formativo

Os obxectivos xerais do ciclo formativo de grao superior correspondentes ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas son os seguintes:

a) Lograr unha visión de conxunto e ordenada dos procesos de realización de obras escultóricas, das súas diferentes fases e operacións e xerar a documentación e información artístico- técnica necesaria para levar a cabo un proxecto de produción artística, relacionado cos campos e os materiais propios da especialidade.



b) Identificar e definir os aspectos artístico- plásticos, formais, estruturais, funcionais, materiais, técnicos, organizativos e económicos que configuran o proxecto ou encargo de elaboración de pezas escultóricas seriadas ou de obra orixinal.

c) Utilizar con propiedade as técnicas de expresión artístico- plástica na busca e definición das características formais das pezas escultóricas.

d) Analizar a evolución das tendencias estéticas e artísticas que inflúen nas técnicas escultóricas actuais e valorar os condicionantes simbólicos e comunicativos que contribúen a configurar o gusto do público consumidor.

e) Aplicar os criterios de control de calidade e resolver os problemas artísticos e tecnolóxicos que se formulan durante o proceso de realización dos obxectos escultóricos co fin de obter resultados acordes cos parámetros de calidade artística e técnica requiridos.

f) Coñecer as especificacións técnicas e utilizar con destreza os equipos e maquinaria específicos empregados nas técnicas escultóricas.

g) Exercer a súa actividade profesional con respecto ao marco legal, económico e organizativo que a regula e condiciona, con iniciativa e responsabilidade e nas condicións de seguridade e hixiene axeitadas, e implementar as medidas preventivas necesarias para non incidir negativamente no medio.

h) Iniciarse na busca de formas, materiais, técnicas e procesos creativos e artísticos relacionados coas técnicas escultóricas; así como de reutilización de materiais.

i) Adaptarse en condicións de competitividade aos cambios tecnolóxicos e organizativos do sector; buscar, seleccionar e utilizar canles de información e formación continua relacionadas co exercicio profesional.

j) Aplicar técnicas de recuperación e mantemento en elementos escultóricos.

Artigo 9. *Obxectivos básicos, contidos e criterios de avaliación dos módulos formativos*

Os obxectivos básicos, contidos e criterios de avaliación dos módulos formativos son os establecidos no anexo I.

1. Os obxectivos básicos defínense como a capacidade do alumnado para levar a cabo, con eficiencia e eficacia, as tarefas profesionais definidas nos obxectivos xerais do ciclo.

2. Os contidos, expresados en relación con cada un dos módulos que integran o currículo, constitúen o enunciado da área de coñecemento que lle é propia, e que serán suficientemente desenvolvidos e delimitados na súa extensión e nivel polo equipo docente do ciclo formativo.



3. Os criterios de avaliación definen aspectos da actividade do alumnado e aspectos dos resultados prácticos desta que permiten, en relación coas capacidades terminais de cada módulo, valorar segundo unha escala o grao de consecución das ditas capacidades e competencias.

Artigo 10. *Espazos, equipamento, instalacións e condicións materiais*

1. Os requisitos de espazos, equipamento, instalacións e condicións materiais que deben reunir os centros de ensino que impartan o ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas da Comunidade Autónoma de Galicia son os que se determinan nos artigos 3 e 12 do Real decreto 303/2010, do 15 de marzo.

2. De conformidade co Real decreto 218/2015, do 27 de marzo, os espazos disporán da superficie necesaria e suficiente para desenvolver as actividades de ensino dos módulos profesionais que se imparten en cada un deles. Ademais, deberán cumprir as seguintes condicións:

a) A superficie establecerase en función do número de persoas que ocupen o espazo formativo e do tipo de ensino e deberá permitir o desenvolvemento das actividades formativas de ensino coa ergonomía e a mobilidade requiridas dentro deste.

b) Deberán cubrir a necesidade espacial de mobiliario, equipamento e instrumentos auxiliares de traballo.

c) Deberán respectar os espazos ou superficies de seguridade que esixan as máquinas e equipos en funcionamento.

d) Respetarán a normativa sobre prevención de riscos laborais, a normativa sobre seguridade e saúde no posto de traballo e cantas outras normas sexan de aplicación.

3. De conformidade co Real decreto 218/2015, do 27 de marzo, os equipamentos que se inclúen en cada espazo serán os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino. Ademais, deberán cumprir as seguintes condicións:

a) O equipamento (equipos, máquinas, e outros) dispoñerá da instalación necesaria para o seu correcto funcionamento, cumprirá coas normas de seguridade e prevención de riscos e con cantas outras sexan de aplicación.

b) A cantidade e características do equipamento deberán estar en función do número de alumnos/as e permitir a adquisición dos resultados de aprendizaxe, tendo en conta os criterios de avaliación e os contidos que se inclúen en cada un dos módulos profesionais que se impartan nos referidos espazos.

Artigo 11. *Competencia docente*



As competencias docentes do persoal funcionario pertencente aos corpos de profesores/as e mestres/as de taller de artes plásticas e deseño para a impartición dos módulos correspondentes ás ensinanzas do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas son as determinadas no anexo II.

CAPÍTULO IV

Acceso ao ciclo formativo, acceso a outros estudos, exencións e validacións

Artigo 12. Requisitos de acceso ao ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas

1. Conforme ao artigo 52.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e ao artigo 14.2 e á disposición adicional cuarta do Real decreto 596/2007, do 4 de maio, para acceder ao ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas será necesario estar en posesión do título de bacharel ou título declarado equivalente para os efectos de acceso.

2. Así mesmo, para acceder ao ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas, ademais dos requisitos académicos recollidos no punto anterior, deberase superar unha proba específica que permita demostrar as aptitudes e coñecementos artísticos necesarios para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. A consellería competente en materia de educación convocará, polo menos unha vez ao ano, a dita proba específica.

Artigo 13. Exencións da proba específica de acceso ao ciclo formativo

1. Estarán exentos/as de realizar a proba específica de acceso ao ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas a que se refire o artigo anterior, os/as que estean en posesión de:

a) Calquera título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño da familia profesional artística de Escultura, ou título declarado equivalente.

b) Título de bacharel, na modalidade de artes, ou de bacharelato artístico experimental.

c) Título superior de Artes Plásticas ou título superior de Deseño nas súas diferentes especialidades, ou títulos declarados equivalentes.

d) Título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas súas diferentes especialidades.



- e) Licenciatura en Belas Artes.
- f) Arquitectura.
- g) Enxeñería técnica en Deseño Industrial.

2. Quen, estando en posesión do título de bacharel ou título declarado equivalente, acredite ter una experiencia laboral de polo menos un ano en tarefas directamente relacionadas coas competencias profesionais do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas, tamén estará exento de realizar a proba específica de acceso, para o cal debe achegar a certificación da empresa na que teña adquirido a experiencia laboral e na que conste especificamente a duración do contrato, a actividade desenvolvida e o período de tempo en que se realizou a dita actividade. No caso de traballadores/as por conta propia, deberá achegarse certificación de alta no censo de obrigados/as tributarios/as. O órgano competente para resolver sobre as solicitudes de exención da proba específica de acceso ao ciclo formativo será a comisión avaliadora da dita proba.

Artigo 14. Acceso ao ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas para quen non reúna os requisitos académicos

1. Conforme o artigo 52.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá acceder ao grao superior das ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño sen estar en posesión dos requisitos académicos de acceso establecidos no artigo 12.1 deste decreto quen acredite, mediante a superación dunha proba de acceso, posuír a madurez en relación cos obxectivos do bacharelato, ademais das aptitudes e dos coñecementos artísticos necesarios aos que se refire o artigo 12.2, e teña como mínimo 19 anos feitos no ano de realización da proba, ou 18 anos se acredita estar en posesión dun título de técnico relacionado con aquel ao cal se desexa acceder.

2. Esta proba de acceso constará de dúas partes:

a) Parte xeral: versará sobre os coñecementos e capacidades básicas das materias comúns do bacharelato.

b) Parte específica: a proba permitirá valorar as aptitudes e coñecementos artísticos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas.

3. Quedará exento/a da realización da parte xeral da proba de acceso sinalada no artigo 14.2 quen teña superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Así mesmo, quedará exento/a da realización da parte específica da proba de acceso sinalada no punto anterior quen acredite ter unha experiencia laboral de



polo menos un ano, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas. Para iso deberá achegar a documentación sinalada no artigo 13.2.

Artigo 15. Regulamentación e validez das probas de acceso

1. A estrutura, contidos, criterios de avaliación e organización das probas de acceso a que se refiren os artigos 12 e 14 serán determinados pola consellería competente en materia de educación, facilitando o acceso ao alumnado con discapacidade que o requira.

2. As cualificacións das probas de acceso expresaranse en termos numéricos, segundo unha escala de cero a dez, con dous decimais, sendo preciso acadar unha cualificación igual ou superior a cinco para a súa superación.

3. As probas de acceso ao ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas terán validez en todo o territorio nacional, e a súa superación dará dereito a matricularse, conforme a normativa en vigor, no ciclo formativo correspondente, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazas nos diferentes centros.

4. A superación da parte xeral da proba de acceso regulada no artigo 14.2 terá validez para posteriores convocatorias.

Artigo 16. Reserva de prazas

A consellería competente en materia de educación poderá establecer, no ámbito das súas competencias, unha porcentaxe de prazas de reserva para acceder ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño nos supostos recollidos nos artigos 15 e 16 do Real decreto 596/2007, do 4 de maio.

Artigo 17. Efectos do título e acceso a outros estudos

1. A superación da totalidade dos módulos que integran o ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas dará dereito á obtención do título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas.

2. O título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas ten carácter oficial e validez académica e profesional en todo o territorio nacional. Acredita o nivel de formación, as competencias profesionais que contén e produce os efectos establecidos na lexislación vixente, sen que iso constitúa regulación do exercicio profesional.

3. O título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas dará dereito ao acceso directo aos estudos superiores de Deseño, aos estudos



superiores de Artes Plásticas e aos estudos superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

A consellería con competencias en materia de educación recoñecerá créditos destas ensinanzas superiores ao alumnado que estea en posesión do título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en “Técnicas escultóricas”, de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 10 dos Reais Decretos 633/2010, 634/2010, e 635/2010, todos eles do 14 de maio, e polos que se regulan respectivamente, o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Deseño, de Artes Plásticas nas especialidades de Cerámica e Vidro, e de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e segundo o disposto no Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da Educación Superior.

4. O título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas permitirá o acceso a calquera outro ciclo formativo de grao medio ou superior das ensinanzas artísticas profesionais, coa exención da proba específica naqueles casos previstos no artigo 15 do Real Decreto 596/2007, do 4 de maio.

5. O título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas dará dereito ao acceso aos estudos universitarios que se determinen, de acordo co disposto no artigo 22.5 do Real decreto 596/2007, do 4 de maio.

6. O título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas permitirá o acceso ao bacharelato, de acordo co disposto no artigo 22.3 do Real decreto 596/2007, do 4 de maio.

7. De conformidade co disposto no artigo 6.5 do Real decreto 218/2015, do 27 de marzo, asígnanse 120 créditos ECTS á totalidade do ciclo formativo de grao superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas, distribuídos entre os módulos profesionais correspondentes.

Artigo 18. *Validacións, recoñecementos e exencións*

1. Validacións:

a) A relación de módulos que se validan entre ciclo formativo de Técnicas Escultóricas regulado no presente decreto e módulos de ciclos formativos de grao superior da familia profesional artística de Escultura, de conformidade co establecido no Real decreto 218/2015, do 27 de marzo, é a establecida no anexo III, segundo o procedemento en vigor.

b) A relación de módulos do ciclo formativo de Técnicas Escultóricas regulado no presente decreto que se validan por módulos cursados e superados en ciclos formativos de grao superior da familia profesional de Artes Aplicadas da Escultura regulados no Real Decreto 1843/1994, do 9 de setembro, de conformidade co Real decreto 218/2015, do 27 de marzo, é a establecida no anexo IV, segundo o procedemento en vigor.



c) O módulo profesional de Formación e Orientación Laboral será obxecto de validación sempre que se superase nun ciclo formativo de artes plásticas e deseño.

d) As validacións ás que se refire os apartados a), b) e c) anteriores serán recoñecidas pola dirección do centro docente público no que se atope matriculado o alumnado, ou ao que estea adscrito o centro privado autorizado de artes plásticas e deseño no que se atope matriculado o alumnado, de acordo co procedemento e os requisitos establecidos na normativa básica de validacións de ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

2. Recoñecementos:

a) Os módulos das ensinanzas do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas, regulado neste decreto, que se recoñecerán aos efectos da incorporación do alumnado a este, por módulos do ciclo formativo de grao superior en Artes Aplicadas da Escultura, cursados e superados en plans de estudos establecidos ao abeiro do Real decreto 1843/1994, do 9 de setembro, ou no Decreto 122/2002, do 7 de marzo son os establecidos no anexo V.

b) O recoñecemento de créditos entre títulos pertencentes a ensinanzas de educación superior e o título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas levarase a cabo de conformidade co Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, salvo nos supostos de validación ou recoñecemento entre estudos dun mesmo ensino ou estudos de técnico superior de ensinanzas distintas que se rexerán pola súa normativa específica.

3. Exencións:

a) Os módulos integrados no ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas regulado neste decreto, que serán obxecto de exención pola súa correspondencia coa práctica laboral, de acordo co artigo 24 do Real decreto 596/2007, do 4 de maio, e co Real decreto 218/2015, do 27 de marzo, son os establecidos no anexo VI.

b) Con carácter xeral determinarse a exención total ou parcial da fase de formación práctica en empresas, estudos ou talleres, sempre que se acredite unha experiencia laboral de, polo menos, un ano nun campo profesional directamente relacionado co do ciclo formativo regulado no presente real decreto.

c) A consellería competente en materia de educación regulará o procedemento para o recoñecemento das exencións. En calquera caso, para a acreditación da experiencia laboral deberá presentarse a documentación que se indica no artigo 13.2. Os módulos e a fase de formación práctica que fosen obxecto de exención pola súa correspondencia coa práctica laboral figurarán no expediente académico do/a alumno/a coa expresión de «exento/a».



d) En ningún caso poderá ser obxecto de validación, recoñecemento de créditos ou exención o módulo de Proxecto integrado ao ter como obxectivo a integración dos coñecementos, destrezas e capacidades obtidos nas ensinanzas que se cursan e estar orientado ao campo profesional da especialidade do título que se obtén.

CAPÍTULO V

Ordenación académica e docencia

Artigo 19. Ordenación dos módulos

1. As ensinanzas do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas estrutúranse en cursos académicos e organízanse en módulos formativos de duración variable impartidos no centro educativo máis a fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres.

2. Nos módulos de formación do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas impartidos nos centros manterase unha relación numérica máxima de profesorado/alumnado de 1/30 para as clases teóricas e teórico- prácticas e de 1/15 nas clases prácticas e talleres. Para a parte de carácter práctico do módulo de proxecto integrado, contarase coa titoría individualizada do profesorado correspondente que imparta docencia no ciclo formativo.

3. Aos efectos sinalados no apartado anterior, clasifícanse os módulos segundo o seu carácter teórico, teórico- práctico e práctico ou talleres no apartado 2.1 do anexo I.

Artigo 20. Desenvolvemento curricular

1. Os centros que impartan o ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas desenvolverán e completarán o currículo establecido neste decreto mediante a posta en práctica do seu proxecto educativo e a implementación de programacións didácticas que tomen en consideración as características do contorno social e cultural, a integración transversal da perspectiva de xénero, as necesidades do alumnado, con especial atención ás de quen presente unha discapacidade, e as posibilidades formativas do contorno.

2. O proxecto educativo do centro incluírá, asemade, a distribución das capacidades terminais, os contidos e criterios de avaliación de cada módulo e a súa programación de aula.

3. Os/as profesores/as desenvolverán a programación de aula de acordo co currículo do ciclo e co proxecto educativo do centro docente, tendo en conta que a metodoloxía didáctica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño



integrará os aspectos artísticos, científicos, técnicos, tecnolóxicos e organizativos propios deste ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas, co fin de que o alumnado acade unha visión global dos procesos e procedementos propios da obra escultórica.

4. Os proxectos educativos dos centros completarán e desenvolverán os elementos necesarios para garantir que o alumnado do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas acade e desenvolva as competencias incluídas no currículo en «deseño para todas as persoas».

CAPÍTULO VI

Avaliación e mobilidade do alumnado

Artigo 21. Avaliación do alumnado

1. A avaliación das ensinanzas do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas será continua e terá en conta o progreso e a madureza académica do alumnado en relación cos obxectivos xerais e as competencias profesionais propias do ciclo formativo.

2. A avaliación levarase a cabo de maneira diferenciada para cada módulo, tomando como referencia os obxectivos de cada un deles, expresados en termos de competencias, capacidades e habilidades, e os seus respectivos criterios de avaliación establecidos neste decreto, completados e organizados polos correspondentes equipos docentes e programados polos/as docentes que os imparten. En calquera caso, a aplicación do proceso de avaliación continua do alumnado requirirá da súa asistencia regular ás clases e actividades lectivas programadas.

3. Os resultados da avaliación final de cada módulo expresaranse en termos de cualificación de acordo cunha escala numérica de cero a dez. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco e negativas as restantes.

4. Na avaliación da fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres, colaborará o/a responsable da formación de alumnado designado/a polo centro de traballo durante a estadía do/a alumno/a nela. Os resultados desta avaliación expresaranse en termos de « apto- a / non apto- a ». Para a superación da fase de formación práctica en estudos, empresas e talleres, o alumnado disporá de dúas convocatorias.

5. O número máximo de convocatorias para a superación de cada módulo será de catro. A consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a solicitude e concesión dunha convocatoria extraordinaria por



motivos de enfermidade, discapacidade ou outros que impidan o normal desenvolvemento dos estudos.

6. A consellería competente en materia de educación establecerá as condicións para a anulación da matrícula e para a renuncia á convocatoria de todos ou algúns dos módulos que integran o ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas, incluída a fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres. A renuncia á convocatoria reflectirase nos documentos de avaliación coa expresión «renuncia».

7. A consellería competente en materia de educación establecerá os requisitos para a promoción de curso, e será precisa, en calquera caso, a avaliación positiva en módulos cuxa carga lectiva sume, polo menos, o 75 por 100 do primeiro curso.

8. A fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres realizarase durante o segundo curso do ciclo formativo. Para a cualificación desta fase será necesaria a cualificación positiva do alumnado en todos os módulos que integran o ciclo formativo, agás o de proxecto integrado, e será cualificada na convocatoria final correspondente ao segundo curso do ciclo formativo.

9. A superación do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas requirirá a avaliación positiva en todos os módulos que o integran e, así mesmo, a cualificación de « apto / a » na fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres.

10. A cualificación media final do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas obterase unha vez superados os módulos impartidos no centro educativo e a fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres, e consistirá na media aritmética das cualificacións medias ponderadas dos distintos módulos que o compoñen, expresada con dous decimais. A cualificación media ponderada de cada módulo obterase multiplicando o número de créditos que lle corresponde ao módulo pola cualificación final obtida nel, e dividindo o resultado entre o número total de créditos cursados.

11. Para os efectos do cálculo da cualificación media final do ciclo, non será computada a fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres, nin aqueles módulos que fosen obxecto de validación e/ou exención por correspondencia coa práctica laboral.

Artigo 22. *Mobilidade do alumnado*

1. Cando un/unha alumno/a obteña praza nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia co fin de continuar os seus estudos no ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas regulado neste decreto, e iniciados nun centro dependente doutra Administración educativa, o centro de destino solicitará ao centro de orixe o



expediente académico do/a alumno/a. Recibido o expediente, a Administración educativa receptora procederá á correspondente adaptación dos módulos superados, co fin de que o/a alumno/a se incorpore aos módulos e curso que lle corresponda. Para estes efectos, os módulos superados na súa totalidade e que segundo o criterio de dita Administración educativa sexan similares en contidos e carga lectiva aos establecidos neste decreto, serán recoñecidos de xeito automático como adaptados e, para outros casos, poderase prever a superación dos complementos de formación que se consideren convenientes.

2. Os módulos adaptados figurarán no expediente do/a alumno/a coa expresión «adaptado». Cando sexa preciso facer unha ponderación das cualificacións, os módulos que figuren como «adaptados» computaranse coa cualificación do centro de orixe.

Artigo 23. Documentación da avaliación e mobilidade do alumnado

1. Os documentos básicos de avaliación deste ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas son:

a) O expediente académico persoal, que se acredita coa certificación académica persoal.

b) As actas de avaliación.

c) Os informes individualizados de avaliación.

2. Toda a información relativa ao proceso de avaliación do alumnado recollerase, de xeito sintético, no expediente académico do/a alumno/a. No devandito expediente figurarán a identificación do centro e datos persoais do/a alumno/a, a modalidade de acceso ao ciclo, número e data da matrícula, os resultados da avaliación e, de ser o caso, as medidas de adaptación curricular e a cualificación media final do ciclo.

3. Os documentos básicos de avaliación farán constar en lugar preferente a presente norma que desenvolve o currículo do título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

4. Co obxecto de garantir a mobilidade académica e territorial do alumnado, terán a consideración de documentos básicos de mobilidade, a certificación académica persoal, obtida do expediente académico, e o informe de avaliación individualizado.

5. A certificación académica persoal ten valor acreditativo dos estudos realizados polo/a alumno/a, e constitúe o documento oficial básico que recolle a referencia normativa do plan de estudos, o curso académico, as cualificacións obtidas con expresión da convocatoria (ordinaria ou extraordinaria), os módulos que fosen



obxecto de validación e/ou correspondencia coa práctica laboral e, se for o seu caso, as anulacións de matrícula e/ou renuncia ás convocatorias.

6. Cando o/a alumno/a se traslade de centro, consignarase nun informe de avaliación individualizado toda aquela información necesaria para a continuidade do proceso de aprendizaxe.

7. A consellería competente en materia de educación establecerá o modelo de expediente académico do alumnado, os modelos de acta de avaliación e os modelos de informe individualizado de avaliación, e propiciará o seu tratamento informático, no ámbito da súa competencia e de xestión.

Disposición adicional primeira. *Accesibilidade universal nas ensinanzas deste título*

1. A consellería competente en materia de educación establecerá as medidas oportunas que garantan o cumprimento do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, co fin de facilitar ao alumnado os medios e recursos que se precisen para acceder e cursar as ensinanzas deste ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño Técnicas Escultóricas.

2. As programacións didácticas que desenvolvan o currículo establecido neste decreto deberán ter en conta o principio de «deseño para todas as persoas», incorporando ás ditas programacións as unidades didácticas que correspondan coa finalidade de que o alumnado acade a sensibilidade e as competencias relacionadas con este concepto e as aplique ao longo da súa aprendizaxe e o seu labor profesional.

3. As programacións didácticas que desenvolvan o currículo establecido neste decreto recollerán as medidas necesarias coa finalidade de que o alumnado con discapacidade poida acadar a competencia xeral do título, expresada a través das competencias profesionais, así como os resultados da aprendizaxe de cada un dos módulos.

Disposición adicional segunda. *Cursos de especialización*

Coa finalidade de promover a formación ao longo da vida, os centros que impartan o ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas poderán organizar e desenvolver cursos de especialización vinculados ás ensinanzas deste, que deberán ser obxecto dunha certificación acreditativa da formación adquirida na cal se indique a superación do curso, o número de horas de duración e a súa equivalencia en créditos ECTS. A dita certificación poderá ter, de ser o caso, valor acreditativo no Sistema nacional de cualificacións e formación profesional que corresponda.



Os cursos de formación anteditos serán autorizados pola consellería competente en materia de educación, que establecerá, así mesmo, as condicións e procedemento para a súa autorización.

Disposición adicional terceira. Autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas reguladas neste decreto

A autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas esixirá que desde o inicio do curso escolar se cumpran os requisitos de profesorado, espazos, instalacións, equipamentos e condicións materiais regulados nel.

Disposición adicional cuarta. Formación do profesorado

A consellería competente en materia de educación establecerá medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación do novo currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas.

Disposición adicional quinta. Competencia docente

Ao abeiro do establecido na disposición transitoria primeira do Real decreto 303/2010, do 15 de marzo, e no artigo 3 e anexo II do Real decreto 218/2015, do 27 de marzo, a competencia docente dos/as profesores/as e mestres/as de taller de artes plásticas e deseño para impartir os módulos que integran este ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas será a que se indica no anexo II.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

1. Queda derogado o Decreto 122/2002, do 7 de marzo, polo que se polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior de artes plásticas e deseño de Artes Aplicadas da Escultura, correspondente á familia profesional de Artes Aplicadas da Escultura, así como o acceso ó dito ciclo formativo.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición transitoria única. Implantación das ensinanzas do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas

A consellería competente en materia de educación determinará o calendario e condicións para a ordenada extinción do plan de estudos correspondente, garantindo a obtención dos títulos das ensinanzas que se extinguen, nas condicións



que oportunamente se establezan, conforme o disposto na disposición transitoria segunda do Real decreto 218/2015, do 27 de marzo.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase a persoa titular da consellería competente en materia de educación para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto no relativo á organización e materias propias do seu departamento.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, ... de de ...

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



ANEXO I

1. Distribución horaria das ensinanzas

Estrutura xeral	Horas totais por ciclo	Créditos ECTS asociados
Módulos impartidos no centro docente	1.908	114
Fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres	150	6
Total horas de ensino	1.850	120

2. Formación no centro docente

**2.1. Módulos correspondentes ás ensinanzas impartidas no centro docente
(*)**

Módulos	Ratio profesorado/ alumnado	Horas totais por curso		Créditos ECTS asociados	
		1º curso	2º curso	1º curso	2º curso
Debuxo artístico	1/30	144	----	8	----
Debuxo técnico	1/30	108	----	6	----
Volume	1/30	216	----	11	----
Historia da escultura	1/30	108	----	6	----
Aplicacións informáticas	1/30	108	----	6	----
Materiais e tecnoloxía da escultura	1/30	72	----	6	----
Taller de baleirado e moldeado	1/15	216	---	11	
Proxectos escultóricos I	1/30	108	----	6	----
Proxectos escultóricos II	1/30	----	216	----	11
Taller de pedra	1/15	----	144	----	7
Taller de madeira	1/15	----	144	----	7
Taller de metal	1/15	----	144	----	7
Formación e orientación laboral	1/30	----	72	---	4



Proxecto integrado	1/30	----	50	----	18
Total horas		1.080	770	----	----
Total créditos ECTS		----	----	60	54

(*) Para os efectos do cómputo horario considéranse 36 semanas para cada un dos dous cursos que dura o ciclo formativo.

2.2. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación dos módulos

1. Debuxo artístico.

Obxectivos.

1º. Representar graficamente tanto formas do ámbito, coma imaxes de propia creación.

2º. Analizar os elementos que configuran a representación do espazo nun soporte bidimensional e as relacións que se establecen entre eles.

3º. Utilizar os diferentes materiais e técnicas gráficas como ferramentas básicas para a busca e definición formal de imaxes e para a comunicación gráfica de ideas.

4º. Comprender os fundamentos e a teoría da cor, a súa importancia nos procesos creación artístico plástica e utilízaos de forma creativa na representación gráfica.

5º. Exercitar a capacidade de invención e ideación e desenvolver a sensibilidade estética e creativa.

Contidos.

1º. A forma bidimensional e tridimensional e a súa representación sobre o plano.

2º. Os materiais de debuxo e as súas técnicas. Técnicas secas, húmidas e mixtas.

3º. A composición, conceptos básicos. Expresividade na ordenación do espazo.

4º. Análise de forma e estrutura. Relación das partes co todo. Proporción.

5º. A luz e a súa representación. Valores expresivos e descritivos. O claroscuro

6º. A cor. Fundamentos e teoría da cor. Valores descritivos, expresivos e simbólicos.

7º. A realidade como motivo. As formas da Natureza e a súa interpretación e representación: realismo, síntese e estilización.



8º. A figura humana e a súa relación coas formas do seu ámbito. Proporciós, expresión e movemento.

9º. O debuxo aplicado á realización de proxectos propios desta especialidade: o deseño de formas tridimensionais de posible realización.

Criterios de avaliación.

Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1º. Utilizar correctamente os diferentes materiais e técnicas do debuxo na representación gráfica de formas da realidade ou da propia inventiva.

2º. Analizar e comprender a forma e o espazo compositivo tridimensionais, e estruturalos e representalos bidimensionalmente de acordo ás necesidades comunicativas.

3º. Aplicar os coñecementos adquiridos á realización de bosquexos, esbozo e proxectos propios desta especialidade.

4º. Analizar e interpretar as formas da natureza, segundo procesos de realismo, síntese e estilización.

5º. Utilizar correctamente a cor e as técnicas gráficas, nos seus aspectos representativos, expresivos e comunicativos.

6º. Valorar argumentadamente os aspectos formais, estéticos e comunicativos dunha representación gráfica determinada.

2. Debuxo técnico.

Obxectivos.

1º. Utilizar os métodos, procedementos, convencións e técnicas gráficas propias do debuxo técnico na busca e definición formal de pezas tridimensionais e baixorrelevos, e na comunicación gráfica de ideas.

2º. Representar e acoutar pezas tridimensionais utilizando o sistema de representación axeitado.

3º. Comprender a información gráfica de deseños e proxectos de realización de pezas escultóricas.

4º. Valorar o debuxo técnico como ferramenta básica na representación obxectiva das formas, na transmisión de información precisa acerca dos obxectos e na ideación, proxectación e realización destes.

Contidos.



1º. Xeometría plana e espacial.

2º. Xeometría descritiva.

3º. Sistemas de representación. Ampliación, redución, despeçamento de masas.

4º. Vistas, normalización e realización de esbozo. Esbozo e debuxo a man alzada.
Medida e acoutado.

5º. Técnicas gráficas, procedementos e materiais.

6º. O debuxo técnico e a súa aplicación á realización de proxectos propios desta especialidade.

Criterios de avaliación.

Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1º. Definir graficamente formas da realidade ou da propia inventiva utilizando con propiedade os sistemas de representación máis axeitados.

2º. Utilizar con destreza e precisión os diferentes materiais e técnicas do debuxo técnico con especial atención á calidade dos acabados e presentación final.

3º. Describir, mediante o debuxo técnico a man alzada, obras escultóricas, previamente ao seu desenvolvemento gráfico definitivo, destacando con claridade aquela información necesaria para a súa posterior reprodución.

4º. Analizar e explicar correctamente a información gráfica dada dun deseño escultórico, utilizando con propiedade a terminoloxía da materia.

3. Volume.

Obxectivos.

1º. Modelar pezas artísticas tridimensionais ben sexa orixinais de propia ideación ou copia de modelos propostos.

2º. Adquirir unha visión ordenada e de conxunto dos diferentes factores e etapas na análise, ideación e materialización da forma tridimensional, así como dos métodos de realización, das técnicas de modelado, construtivas e de talla.

3º. Analizar pezas tridimensionais dende un punto de vista formal, estrutural e funcional, interpretalas e representalas mediante os procedementos de configuración



volumétrica correspondentes.

4º. Manexar a linguaxe da forma volumétrica para concibir obxectos artísticos tridimensionais e configurar maquetas, bosquexos ou prototipos relacionados cos medios de produción artística- artesanal e ornamental.

5º. Coñecer, seleccionar e utilizar, as técnicas, procedementos e materiais máis axeitados aos requirimentos estéticos e funcionais de pezas volumétricas relacionadas coas artes aplicadas e os oficios artísticos da escultura.

6º. Desenvolver interese e sensibilidade pola protección, promoción e crecemento do legado do patrimonio artístico.

Contidos.

1º. Elementos conceptuais e expresivos da linguaxe tridimensional.

2º. Materiais e ferramentas. Clasificación, propiedades, conservación, utilización e mantemento.

3º. Concepto de espazo. A composición: expresividade na ordenación do espazo nos procesos de configuración tridimensional.

4º. A forma na representación tridimensional, a forma no plano: o relevo e a forma exenta.

5º. A realidade como motivo. A forma orgánica. Procesos de análise e abstracción.

6º. A figura humana. Proporcións, expresión e movemento.

7º. Técnicas básicas do volume. Modelado, talla e construción.

8º. Os procedementos do volume, a súa aplicación á realización de proxectos propios desta especialidade e a súa interrelación cos distintos talleres e disciplinas.

9º. Métodos de translación. Sistemas de reprodución, ampliación, redución e despezamento das masas.

10º. Materiais e técnicas básicas de realización de bosquexos e modelos.

Criterios de avaliación.

Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1º. Explicar, utilizando con propiedade a terminoloxía propia da materia, as características dos diferentes métodos e técnicas do volume e a súa relación cos materiais utilizados.



2º. Analizar os elementos formais, funcionais e estruturais de pezas tridimensionais e reproducilas fielmente conforme á técnica máis axeitada e as características do material utilizado.

3º. Manexar con competencia profesional as técnicas e os materiais indispensables para o desenvolvemento de obras volumétricas relacionadas coas artes aplicadas da escultura.

4º. Explorar con iniciativa as posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe tridimensional e utilizalas de xeito creativo na ideación e realización de obra orixinal e composicións de índole funcional, decorativa e ornamental.

5º. Emitir xuízos de valor argumentados respecto á creación artística propia e allea sobre a base dos seus coñecementos sobre a materia, o seu gusto persoal e sensibilidade.

6º. Concibir e desenvolver proxectos de carácter tridimensional.

4. Historia da escultura.

Obxectivos.

1º. Analizar a escultura na súa dobre vertente técnica e plástica, estudando a súa evolución ao longo do tempo e a súa relación coa cultura e a sociedade de cada etapa histórica.

2º. Analizar e comprender os aspectos formais, conceptuais e técnicos propios da linguaxe escultórica.

3º. Comprender a linguaxe expresiva que caracteriza a produción escultórica de cada época, estilo ou tendencia e a súa relación coas artes aplicadas, a arquitectura e a sociedade do momento en que se produciu.

4º. Valorar argumentadamente realizacións escultóricas de diferentes épocas e estilos, sobre a base dos coñecementos achegados pola materia e ao propio criterio e sensibilidade.

5º. Valorar a propia actividade profesional como produto da evolución dos saberes humanísticos, artísticos e técnicos propios da especialidade.

6º. Desenvolver a sensibilidade e a capacidade do gozo estético.

Contidos.

1º. A arte tridimensional e as súas diferentes manifestacións. Vulto redondo e relevo. Materiais e técnicas artísticas das obras tridimensionais.

2º. A escultura no mundo antigo: Orixes paleolíticas, maxia simpática e nacemento



da estética. Do neolítico ao ferro, significación do mundo celta.

3º. O próximo oriente e a súa plástica escultórica. Transcendencia da imaxe en Exipto e a súa pervivencia na Europa Grecorromana. O dourado e policromía no antigo Exipto.

4º. A proporción e o equilibrio como base da imaxe do Clasicismo Grego, as conquistas do século IV e a plenitude do século V. Evolución técnica e estética da escultura en Grecia: mármores, bronzes e terracotas. Evolución da escultura romana: aspectos formais, técnicos e materiais. O retrato.

5º. Conceptos estéticos e ornamentais do mundo islámico.

6º. A escultura na Idade Media, Deus como fonte iconográfica, o pecado e o inferno na plástica do Románico. A influencia de San Francisco de Asís na escultura e as artes do gótico.

7º. O Renacemento: recuperación dos valores clásicos. Humanismo e relixión, iconografía da Contrarreforma. Italia e España. Imaxinaría policromada española.

8º. Barroco e Rococó, o sentimento e o drama como bases da escultura. Imaxinaría policromada española.

9º. Do retablo do gótico ao neoclasicismo.

10º. Evolución da reixairía española dende o gótico ao neoclasicismo.

11º. A revolución industrial e a súa influencia nas artes decorativas, Neoclasicismo e Historicismo. A escultura como recuperación do ideal grecorromano.

12º. Do Modernismo ás Vangardas, cambios ideolóxicos e plásticos. Novos materiais e novos temas na escultura.

13º. A escultura e o deseño en España durante o século XX. Técnica e estética da escultura contemporánea, principais representantes. O século XXI camiño aberto.

Criterios de avaliación.

Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1º. Coñecer e identificar as principais realizacións escultóricas e de artes aplicadas encadrándoas no seu momento histórico e relacionándoas co seu contexto histórico e social.

2º. Aprender a iconografía básica como parte integrante da imaxe escultórica das distintas épocas.

3º. Analizar a relación existente entre a escultura e as artes aplicadas e outras



manifestacións artísticas do seu contexto temporal.

4º. Diferenciar as técnicas e os materiais escultóricos valorando o traballo artístico e artesanal no seu máis amplo espectro.

5º. Manexar a linguaxe apropiada e os termos artísticos correctos nos comentarios das diversas obras.

6º. Apreciar as obras de arte e emitir xuízos de valor argumentados e xustificados polo seu coñecemento da materia.

5. Aplicacións informáticas.

Obxectivos.

1º. Coñecer e utilizar o material e os equipos informáticos.

2º. Coñecer e utilizar os programas informáticos axeitados á práctica profesional da especialidade.

3º. Analizar a presenza actual das novas tecnoloxías na proxectación e realización do produto desta familia profesional.

4º. Utilizar os recursos informáticos como instrumentos de ideación, xestión e comunicación do propio

Contidos.

1º. Introducción á informática.

2º. Dispositivos de entrada e de saída.

3º. Internet. Navegadores, correo electrónico, páxinas Web.

4º. Ofimática básica.

5º. Introducción ao deseño asistido por ordenador.

6º. Software de ilustración e deseño.

7º. Introducción á gráfica 3D.

8º. Aplicacións das TIC no traballo proxectual dos obxectos escultóricos.

Criterios de avaliación.

Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1º. Valorar argumentadamente a evolución tecnolóxica e a importancia das novas



tecnoloxías nos procesos produtivos, industriais e artísticos e especificamente no ámbito da produción escultórica.

2º. Identificar os compoñentes físicos e lóxicos dun sistema informático.

3º. Seleccionar o medio informático axeitado, os seus resultados, alcance e posibles combinacións con outros medios.

4º. Utilizar correctamente as novas tecnoloxías axeitadas en cada unha das fases proxectuais.

6. Formación e orientación laboral.

Obxectivos.

1º. Analizar e interpretar o marco legal do traballo e coñecer os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais

2º. Coñecer os requisitos e condicionantes legais para organizar e xestionar unha pequena ou mediana empresa, considerando os factores de produción, xurídicos, mercantís e socio- laborais.

3º. Identificar as distintas vías de acceso ao mercado de traballo e á formación permanente, así como coñecer os organismos institucionais, nacionais e comunitarios dedicados a estes fins.

4º. Comprender e aplicar as normas sobre seguridade e hixiene laboral e desenvolver sensibilidade cara á protección ao medio, como factores determinantes da calidade de vida.

Contidos.

1º. O marco xurídico das relacións laborais. Estatuto dos traballadores e regulación específica. Prestacións da Seguridade Social e desemprego.

2º. Sistemas de acceso ao mundo laboral. O mercado de traballo: estrutura. Técnicas e organismos que facilitan a inserción laboral. Iniciativas para o traballo por conta propia. A formación permanente.

3º. A empresa. Distintos modelos xurídicos de empresas e características. Organización, administración e xestión. Obrigas xurídicas e fiscais.

4º. Conceptos básicos de mercadotecnia. A organización da produción, comercialización e distribución na empresa. Métodos de análise de custos e o control da calidade.

5º. O contrato. Modalidades de contrato de traballo. Dereitos e deberes derivados da relación laboral. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.



6º. O/A empresario/a individual. Trámites para o inicio da actividade empresarial. Presupostos, taxacións e facturación de traballos.

7º. Os dereitos de propiedade intelectual e industrial. Rexistro da propiedade intelectual. Entidades de xestión: *copyright* e *copyleft*. Propiedade industrial: os modelos e debuxos industriais e artísticos. Rexistro e procedemento rexistral.

8º. Os signos distintivos: marca, rótulo e nome comercial. Transmisibilidade.

9º. Medidas de seguridade e hixiene no traballo aplicables á profesión

Criterios de avaliación.

Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1º. Analizar a lexislación e normativa vixente de aplicación ao mundo laboral e á regulación empresarial na que se integra esta especialidade profesional.

2º. Identificar as fontes e vías de acceso ao emprego e á formación permanente directamente relacionadas coa profesión.

3º. Saber levar a cabo a actividade empresarial tanto no ámbito individual como societario.

4º. Redactar o plan de creación e organización dun taller artístico e/ou dunha pequena ou mediana empresa no que se consideren os aspectos xurídicos e socio-laborais correspondentes, os recursos materiais e humanos necesarios, as accións de mercadotecnia, comercialización e distribución dos produtos e os mecanismos de seguridade laboral, ambiental e de prevención de riscos esixidos para iniciar o seu funcionamento.

5º. Realizar correctamente contratos e emitir facturas.

6º. Coñecer as normas sobre seguridade e saúde no traballo e as diferentes técnicas de prevención de riscos laborais.

7º. Coñecer, identificar e aplicar a lexislación sobre dereitos de autor e rexistro de propiedade intelectual e industrial.

7. Materiais e tecnoloxía da escultura.

Obxectivos.

1º. Comprender os fundamentos científicos que explican as propiedades xerais dos materiais, as súas magnitudes e os seus sistemas de medidas.

2º. Coñecer as propiedades dos materiais específicos, a súa clasificación, e as condicións de aplicabilidade no campo da escultura.



3º. Coñecer o uso e as especificacións das ferramentas, útiles, maquinaria e equipos empregados nos procesos de realización de proxectos de escultóricos de carácter aplicado ou ornamental.

4º. Valorar e considerar o papel da tecnoloxía para mellorar e innovar no uso de materiais, ferramentas e equipos nos procesos asociados ás técnicas específicas deste sector artístico.

5º. Adquirir os coñecementos técnicos necesarios para elixir e optimizar o material e os recursos enerxéticos e tecnolóxicos empregados nos proxectos de escultóricos de carácter aplicado ou ornamental.

6º. Coñecer os riscos e as medidas de seguridade e hixiene relacionadas co traballo e a manipulación de estes materiais e outros cos que se complementen.

Contidos.

1º. Clasificación xeral dos materiais. Propiedades xerais e específicas. Magnitudes, unidades, sistemas de medida e probas de ensaio.

2º. A madeira. Estrutura interna e composición. Clasificación. Propiedades Materiais derivados da madeira. Clasificación e composición. Procesos de elaboración, e conformado da madeira relacionados co uso escultórico, ornamental e decorativo.

3º. Os metais. Estrutura interna e composición. Clasificación. Propiedades. Aliaxes férricas e non férricas de uso escultórico. Procesos de elaboración, transformación, e conformado dos metais relacionados co uso escultórico, ornamental e decorativo.

4º. Materiais pétreos naturais. Clasificación e composición. Propiedades xerais e específicas relacionadas co uso escultórico, ornamental e decorativo.

5º. Xesos, escaiolas e cales. Materiais poliméricos Clasificación, composición usos e propiedades.

6º. Consolidantes, adhesivos, aglutinantes, disolventes e outros materiais empregados como acabados. Propiedades e características.

7º. Procedementos de cálculo de dimensións, de masas, e económicos que propicien a optimización do material e dos recursos tecnolóxicos, asociados coa realización dos proxectos escultóricos e ornamentais.

8º. Patoloxías dos materiais e sistemas de protección e conservación.

9º. Riscos e medidas de seguridade e hixiene relacionados cos procedementos escultóricos.

Criterios de avaliación.



Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1º. Utilizar con corrección a terminoloxía específica e aplicar, axeitadamente, os principios científicos e os requirimentos técnicos relacionados cos contidos do módulo.

2º. Coñecer e diferenciar os materiais, as súas propiedades e a súa aplicabilidade nun proxecto escultórico ou ornamental.

3º. Describir as características máis significativas, o funcionamento e as aplicacións das principais ferramentas e equipos, que se utilizan, nos distintos procesos escultóricos.

4º. Saber fundamentar a utilización de materiais e técnicas concretas na realización dun proxecto.

5º. Saber dimensionar o material de forma axeitada para o seu uso, a forma, a técnica, a situación e o custo do proxecto escultórico ou ornamental a desenvolver.

6º. Saber adoptar as medidas de seguridade e protección necesarias ao traballar cos materiais pétreos e os equipos e ferramentas asociados.

8. Proxectos escultóricos.

Obxectivos.

1º. Analizar a relación entre deseño e metodoloxía proxectual e seleccionar as metodoloxías máis axeitadas para o deseño e realización de obra orixinal escultórica de carácter aplicado.

2º. Coñecer e desenvolver as distintas fases de proxectos escultóricos.

3º. Investigar e analizar a documentación necesaria para a execución do proxecto no taller.

4º. Materializar proxectos de obra orixinais en todas as súas fases ata a obtención dunha obra final.

5º. Valorar a metodoloxía proxectual como oportunidade de experimentación e de expresión artística persoal.

6º. Coñecer e utilizar tanto as técnicas tradicionais coma as novas tecnoloxías específicas.

7º. Coñecer a normativa específica de aplicación á súa especialidade

Contidos.



1º. O deseño. Antecedentes. A metodoloxía proxectual. Diferentes tendencias metodolóxicas. Procesos creativos para a xeración de ideas.

2º. Fases do proxecto: Información. Condicionantes. Especificacións. Documentación. Toma de datos e análise. Bosquexos. Esbozo. Anteprojecto. Maquetas. Prototipos. Orzamentos. Técnicas e normalización.

3º. A materialización do proxecto ata a obtención do produto rematado nos talleres.

4º. A linguaxe gráfico- plástica e comunicación visual na realización e presentación do proxecto.

5º. Optimización de recursos. Verificación do control de calidade nas diferentes etapas.

6º. Conceptos básicos de antropometría e ergonomía.

7º Investigación sobre procesos de realización. Novos materiais e novas tecnoloxías.

8º. Produto artístico e produto semi-industrial.

Criterios de avaliación.

Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1º. Seleccionar e aplicar a metodoloxía proxectual máis axeitada ao deseño de obras orixinais escultóricas relacionadas coas técnicas de talle de pedra.

2º. Coñecer e usar correctamente a terminoloxía específica.

3º. Solucionar axeitadamente os problemas que xurdan no proceso (de realización do proxecto) proxectual utilizando os coñecementos e recursos gráficos, volumétricos, metodolóxicos e técnicos de que dispoña.

4º. Levar a cabo o proceso de elaboración escultórica específica en todas as súas etapas aténdose ás especificacións do proxecto e realizando os controis necesarios para a obtención dun produto final de calidade artística e técnica.

9. Taller de baleirado e moldeado.

Obxectivos.

1º. Identificar e valorar as diferentes técnicas de moldeado e baleirado e analizar as etapas e procedementos propios de cada unha, e os materiais, ferramentas e útiles correspondentes aos distintos momentos do proceso.



2º. Seleccionar a técnica e os materiais máis axeitados ás características técnicas, funcionais, artísticas e de produción dun proxecto e materializalo atendendo ás esixencias de calidade do produto rematado

3º. Coñecer e identificar os materiais actuais e tradicionais propios deste taller estudar o seu comportamento e posibilidades plásticas e os tratamentos técnicos que requiren.

4º. Almacenar, conservar e preparar en condicións óptimas de utilización, os materiais propios da súa actividade.

5º. Coñecer, manter e utilizar a maquinaria e a ferramenta específicas.

6º. Coñecer e realizar con calidade técnica e estética os procesos de baleirado e moldeado de obras escultóricas, levando a cabo os controis axeitados en cada momento do proceso.

7º. Organizar, planificar e levar remato as distintas fases que configuran o proceso produtivo, identificar os problemas que xorden e solucionarlos en función da necesaria calidade do produto rematado.

8º. Organizar o taller de acordo cos requisitos ergonómicos e funcionais da maquinaria, as instalacións, o espazo e o/a usuario/a, tendo en conta as normativas que regulan a actividade laboral e a seguridade e hixiene no traballo.

Contidos.

1º. Planificación do proceso de moldeado e baleirado para a realización de obras escultóricas, ornamentais e/ou decorativas. Fases de realización.

2º. Moldes ríxidos e flexibles.

3º. Procedementos de diferentes moldes perdidos.

4º. Encofrados e moldes construídos.

5º. Sistemas de reprodución seriada. Moldes ríxidos, flexibles e mixtos.

6º. Novas tecnoloxías e materiais sintéticos. Resinas e elastómeros.

7º. Acabados e policromía.

8º. Medidas de seguridade, hixiene e saúde no traballo.

9º. Coidado do medio. Eliminación de residuos.

Criterios de avaliación.



Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1º. Clasificar as técnicas de baleirado e moldeado para a realización de obras escultóricas, ornamentais e/ou decorativas, describindo as etapas e procedementos propios de cada unha, indicando os materiais, útiles e ferramentas correspondentes a cada momento do proceso.

2º. Seleccionar a técnica de realización máis axeitada ás características técnicas, funcionais e artísticas dunha obra escultórica, ornamental e/ou decorativa, atendendo ás esixencias de calidade do produto rematado.

3º. Coñecer e realizar con calidade técnica e estética os procesos de realización de baleirado e moldeado das obras artísticas, levando a cabo os controis axeitados en cada momento do proceso.

4º. Desenvolver e planificar a realización dunha obra escultórica, ornamental e/ou decorativa mediante a utilización de técnicas de baleirado e moldeado identificando os problemas que xurdan e dándolles solución.

5º. Desenvolver positivamente os diferentes exercicios que dan corpo aos contidos do módulo demostrando pericia na manipulación dos materiais e no uso das ferramentas e útiles propios da especialidade.

6º. Utilizar con destreza e seguridade a maquinaria, a ferramenta e os materiais propios da especialidade e realizar as operacións mantemento necesarias para a súa conservación en bo estado de funcionamento.

7º. Realizar as labores de organización do taller cumprindo as medidas preventivas e as normas que regulan a actividade laboral e de seguridade e hixiene no traballo, de acordo cos requisitos ergonómicos e funcionais.

10. Taller de madeira.

Obxectivos.

1º. Identificar e valorar as diferentes técnicas de realización en madeira e analizar as etapas e procedementos propios de cada unha, e os materiais, ferramentas e útiles correspondentes aos distintos momentos do proceso.

2º. Seleccionar a técnica e os materiais máis axeitados ás características técnicas, funcionais, artísticas e de produción dun proxecto e materializalo atendendo ás esixencias de calidade do produto rematado.

3º. Coñecer e realizar con calidade técnica e estética os procesos de realización obra escultórica en madeira, levando a cabo os controis axeitados en cada momento do proceso.

4º. Coñecer e identificar os materiais actuais e tradicionais propios deste taller



estudar o seu comportamento e posibilidades plásticas e os tratamentos técnicos que requiren.

5º. Almacenar, conservar e preparar en condicións óptimas de utilización, os materiais propios da súa actividade.

6º. Coñecer, manter e utilizar a maquinaria e a ferramenta específicas.

7º. Organizar, planificar e levar remato as distintas fases que configuran o proceso produtivo, identificar os problemas que xorden e solucionarlos en función da necesaria calidade do produto rematado.

8º. Organizar o taller de acordo cos requisitos ergonómicos e funcionais da maquinaria, as instalacións, o espazo e o/a usuario/a, tendo en conta as normativas que regulan a actividade laboral e a seguridade e hixiene no traballo.

Contidos.

1º. Planificación do proceso de obras escultóricas en madeira, ornamentais e/ou decorativas. Fases de realización.

2º. O valor expresivo da talla artística da madeira.

3º. Técnicas substractivas e técnicas construtivas e de ensamblaxe.

4º. Procedementos, ferramentas e maquinaria.

5º. Características orgánicas das distintas madeiras, as súas tensións, tratamentos técnicos e procedementos artesanais.

6º. Cubicación, encolamentos e despezos espaciais.

7º. Sistemas de reprodución e ampliación.

8º. Texturas e acabados superficiais.

9º. Incorporación das novas técnicas e ferramentas.

10º. Medidas de seguridade, hixiene e saúde no ámbito de traballo

Criterios de avaliación.

Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1º. Clasificar as técnicas de traballo en madeira para a realización de obras escultóricas, ornamentais e/ou decorativas, describindo as etapas e procedementos propios de cada unha, indicando os materiais, útiles e ferramentas correspondentes a cada momento do proceso.



2º. Seleccionar a técnica de realización máis axeitada ás características técnicas, funcionais e artísticas dunha obra escultórica, ornamental e/ou decorativa en madeira, atendendo ás esixencias de calidade do produto rematado.

3º. Coñecer e realizar con calidade técnica e estética os procesos de realización de obra escultórica en madeira, levando a cabo os controis axeitados en cada momento do proceso.

4º. Desenvolver e planificar a realización dunha obra escultórica, ornamental e/ou decorativa en madeira identificando os problemas que xurdan e dándolles solución.

5º. Desenvolver positivamente os diferentes exercicios que dan corpo aos contidos do módulo demostrando pericia na manipulación dos materiais e no uso das ferramentas e útiles propios da especialidade.

6º. Utilizar con destreza e seguridade a maquinaria, a ferramenta e os materiais propios da especialidade e realizar as operacións mantemento necesarias para a súa conservación en bo estado de funcionamento.

7º. Realizar os labores de organización do taller cumprindo as medidas preventivas e as normas que regulan a actividade laboral e de seguridade e hixiene no traballo, de acordo cos requisitos ergonómicos e funcionais.

11. Taller de pedra.

Obxectivos.

1º. Identificar e valorar as diferentes técnicas de realización en pedra e analizar as etapas e procedementos propios de cada unha, e os materiais, ferramentas e útiles correspondentes aos distintos momentos do proceso.

2º. Seleccionar a técnica e os materiais máis axeitados ás características técnicas, funcionais, artísticas e de produción dun proxecto e materializalo atendendo ás esixencias de calidade do produto rematado.

3º. Coñecer e realizar con calidade técnica e estética os procesos de realización de obra escultórica en pedra, levando a cabo os controis axeitados en cada momento do proceso.

4º. Coñecer e identificar os materiais actuais e tradicionais propios deste taller, estudar o seu comportamento e posibilidades plásticas e os tratamentos técnicos que requiren.

5º. Almacenar, conservar e preparar en condicións óptimas de utilización, os materiais propios da súa actividade.

6º. Coñecer, manter e utilizar a maquinaria e a ferramenta específicas.



7º. Organizar, planificar e levar a cabo as distintas fases que configuran o proceso produtivo, identificar os problemas que xorden e solucionarlos en función da necesaria calidade do produto rematado.

8º. Organizar o taller de acordo cos requisitos ergonómicos e funcionais da maquinaria, as instalacións, o espazo e o/a usuario/a, tendo en conta as normativas que regulan a actividade laboral e a seguridade e hixiene no traballo.

Contidos.

1º. Planificación do proceso de obras escultóricas en pedra, ornamentais e/ou decorativas. Fases de realización.

2º. O valor expresivo da talla directa.

3º. Técnicas de corte, cubicado, desbaste e labra.

4º. Procedementos, ferramentas e maquinaria.

5º. Características das distintas pedras e mármore, a súa composición, pureza, estabilidade, comportamento, dureza, etc.

6º. Sistemas de reprodución e ampliación.

7º. Texturas e acabados superficiais.

8º. Incorporación das novas técnicas e ferramentas.

9º. Medidas de seguridade, hixiene e saúde no traballo.

Criterios de avaliación.

Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1º. Clasificar as técnicas de realización en pedra de obras escultóricas, ornamentais e/ou decorativas, describindo as etapas e procedementos propios de cada unha, indicando os materiais, útiles e ferramentas correspondentes a cada momento do proceso.

2º. Seleccionar a técnica de realización máis axeitada ás características técnicas, funcionais e artísticas dunha obra escultórica, ornamental e/ou decorativa en pedra, atendendo ás esixencias de calidade do produto rematado.

3º. Coñecer e realizar con calidade técnica e estética os procesos de realización de obra escultórica en pedra, levando a cabo os controis axeitados en cada momento do proceso.

4º. Desenvolver e planificar a realización dunha obra escultórica, ornamental e/ou decorativa en pedra identificando os problemas que xurdan e dándolles solución.



5º. Desenvolver positivamente os diferentes exercicios que dan corpo aos contidos do módulo demostrando pericia na manipulación dos materiais e no uso das ferramentas e útiles propios da especialidade.

6º. Utilizar con destreza e seguridade a maquinaria, a ferramenta e os materiais propios da especialidade e realizar as operacións mantemento necesarias para a súa conservación en bo estado de funcionamento.

7º. Realizar as labores de organización do taller cumprindo as medidas preventivas e as normas que regulan a actividade laboral e de seguridade e hixiene no traballo, de acordo cos requisitos ergonómicos e funcionais.

12. Taller de metal.

Obxectivos.

1º. Identificar e valorar as diferentes técnicas de realización en metal e analizar as etapas e procedementos propios de cada unha, e os materiais, ferramentas e útiles correspondentes aos distintos momentos do proceso.

2º. Seleccionar a técnica e os materiais máis axeitados ás características técnicas, funcionais, artísticas e de produción dun proxecto e materializalo atendendo ás esixencias de calidade do produto rematado +

3º. Coñecer e realizar con calidade técnica e estética os procesos de realización de obra escultórica en pedra, levando a cabo os controis axeitados en cada momento do proceso.

4º. Coñecer e identificar os materiais actuais e tradicionais propios deste taller estudar o seu comportamento e posibilidades plásticas e os tratamentos técnicos que requiren.

5º. Almacenar, conservar e preparar en condicións óptimas de utilización, os materiais propios da súa actividade.

6º. Coñecer, manter e utilizar a maquinaria e a ferramenta específicas.

7º. Organizar, planificar e levar remato as distintas fases que configuran o proceso produtivo, identificar os problemas que xorden e solucionarlos en función da necesaria calidade do produto rematado.

8º. Organizar o taller de acordo cos requisitos ergonómicos e funcionais da maquinaria, as instalacións, o espazo e o/a usuario/a, tendo en conta as normativas que regulan a actividade laboral e a seguridade e hixiene no traballo.

Contidos.

1º. Planificación do proceso de obras ornamentais e/ou decorativas de forxa e



metalistería artísticas. Fases de realización.

- 2º. Procedementos, ferramentas e maquinaria.
- 3º. Tensión e compresión dos soportes metálicos.
- 4º. Secuencia modular das aliñacións e superficies elásticas.
- 5º. Técnicas tradicionais: A forxa do ferro en quente.
- 6º. Esquemas decorativos vexetais, antropomorfos ou abstractos.
- 7º. Os soportes metálicos. Soldadura, remaches, plasma, etc.
- 8º. Novas tecnoloxías e novos materiais.
- 9º. Medidas de seguridade, hixiene e saúde no traballo

Criterios de avaliación.

Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1º. Clasificar as técnicas de realización de obras escultóricas, ornamentais e/ou decorativas, describindo as etapas e procedementos propios de cada unha, indicando os materiais, útiles e ferramentas correspondentes a cada momento do proceso.

2º. Seleccionar a técnica de realización máis axeitada ás características técnicas, funcionais e artísticas dunha obra escultórica, ornamental e/ou decorativa, atendendo ás esixencias de calidade do produto rematado.

3º. Coñecer e realizar con calidade técnica e estética os procesos de realización de obra escultórica, levando a cabo os controis axeitados en cada momento do proceso.

4º. Desenvolver e planificar a realización dunha obra escultórica, ornamental e/ou decorativa identificando os problemas que xurdan e dándolles solución.

5º. Desenvolver positivamente os diferentes exercicios que dan corpo aos contidos do módulo demostrando pericia na manipulación dos materiais e no uso das ferramentas e útiles propios da especialidade.

6º. Utilizar con destreza e seguridade a maquinaria, a ferramenta e os materiais propios da especialidade e realizar as operacións mantemento necesarias para a súa conservación en bo estado de funcionamento.

7º. Realizar as labores de organización do taller cumprindo as medidas preventivas e as normas que regulan a actividade laboral e de seguridade e hixiene no traballo, de acordo cos requisitos ergonómicos e funcionais.



13. Proxecto integrado.

Obxectivos.

1º. Propoñer e materializar o proxecto de obra orixinal en todas as súas fases, ata a obtención dunha obra final de calidade técnica, artística e comunicacional.

2º. Desenvolver, mediante a proxectación e realización dunha obra orixinal escultórica, as destrezas profesionais da súa especialidade e as capacidades estéticas e creativas propias.

3º. Desenvolver mediante a utilización de metodoloxías proxectuais e procesos creativos, a capacidade de resolución de problemas construtivos, funcionais e formais.

4º. Interrelacionar os diferentes contidos teórico- prácticos dos módulos para desenvolver unha obra escultórica do campo das artes aplicadas.

5º. Utilizar métodos de traballo en equipo en colaboración coas demais áreas docentes para desenvolver proxectos interdisciplinares.

Contidos.

1º. A creación de obra orixinal escultórica aplicada. Fases dun proxecto. Condicionantes. Especificacións. Documentación gráfica. Técnicas e normalización. Presuposto.

2º. A materialización do proxecto ata a obtención da obra acabada. Verificación do control de calidade nas diferentes etapas.

3º. A comunicación, presentación e defensa do proxecto

Criterios de avaliación.

Valorarase a capacidade do/a alumno/a para:

1º. Idear, desenvolver e expoñer un proxecto factible de obra orixinal escultórica de carácter ornamental ou funcional.

2º. Solucionar os problemas que xurdan no proceso proxectual utilizando os coñecementos e recursos gráficos, plásticos, metodolóxicos e técnicos máis axeitados.

3º. Xuntar as diferentes disciplinas impartidas durante o ciclo e os coñecementos técnicos e conceptuais adquiridos.

4º. Levar a cabo o proceso de elaboración das pezas orixinais escultóricas en todas as súas etapas aténdose ás especificacións descritas no proxecto e realizando os controis necesarios para a obtención dunha obra final de calidade artística e



técnica.

5º. Presentar o proxecto de obra orixinal escultórica, expoñer oralmente os seus principais apartados e emitir unha valoración persoal técnica e artística sobre este, utilizando correctamente en todo momento a terminoloxía propia.

6º. Mostrar iniciativa, dominio técnico e sentido estético na realización do traballo.

3. Fase de prácticas en empresas, estudos y talleres

1. A fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres ten os seguintes obxectivos:

1º. Completar a formación académica do alumnado mediante a integración nas rutinas diarias de traballo dunha empresa ou taller artesanal e a realización das funcións profesionais correspondentes ao seu nivel formativo.

2º. Facilitar a toma de contacto dos alumnos e alumnas co mundo do traballo e a incorporación ao sistema de relacións sociais, laborais e técnicas da empresa.

3º. Contrastar os coñecementos, formación e capacitación adquiridos no centro educativo coa realidade empresarial e laboral do sector relacionado coa escultura en metal.

4º. Permitir o alumnado que, a través do contacto coa empresa, incorpore á súa formación os coñecementos sobre a propia especialidade, a situación e relacións do mercado, as tendencias artísticas esculturasais, a organización e coordinación do traballo, a xestión empresarial, as relacións sociolaborais na empresa, etc. necesarios para o inicio da actividade laboral.

5º. Adquirir os coñecementos técnicos de útiles, ferramentas, materiais e maquinaria que, pola súa especialización, custo ou novidade, non están ao alcance do centro educativo.

6º. Participar de forma activa nas fases do proceso de realización de proxectos escultóricos en metal, baixo as orientacións do/a titor/a ou coordinador/a correspondente.

7º. Aplicar os coñecementos, habilidades e destrezas adquiridos durante o período de formación teórica e práctica impartida no centro educativo.

2. O seguimento e a avaliación da fase de formación práctica en empresas, estudos ou talleres corresponderá ao/á titor/a de prácticas designado/a polo centro educativo quen tomará en consideración o grao de cumprimento dos obxectivos e a valoración que realice a empresa.



Competencia docente dos/as funcionarios/as pertencentes ao Corpo de Profesores/as e Mestres/as de Taller de Artes Plásticas e Deseño para a impartición dos módulos do currículo básico do ciclo formativo de grao superior de Técnicas Escultóricas regulado neste decreto

A. Corpo de Profesores/as de Artes Plásticas e Deseño

Especialidade	Módulo formativo
Debuxo artístico e cor	Debuxo artístico
Debuxo técnico	Debuxo técnico
Historia da arte	Historia da escultura
Volume	Volume
	Proxectos escultóricos
	Proxecto integrado
Medios informáticos	Aplicacións informáticas
Organización industrial e lexislación	Formación e orientación laboral
Materiais e tecnoloxía: Deseño	Materiais e tecnoloxía da escultura

B. Corpo de Mestres/as de Taller de Artes Plásticas e Deseño

Especialidade	Módulo formativo
Moldes e reproducións	Taller de baleirado e moldeado
Talle en pedra e madeira	Taller de madeira
	Taller de pedra
Técnicas do metal	Taller de metal

ANEXO III

Relación de módulos do currículo básico do ciclo formativo de grao superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas, regulado no presente decreto, que se validarán con módulos de ciclos formativos de grao da familia profesional artística de Escultura

Familia profesional artística de Escultura	
Módulos superados en ciclos formativos de grao superior	Módulos que se validan no ciclo formativo de grao superior de Técnicas Escultóricas
Debuxo artístico	Debuxo artístico
Debuxo técnico	Debuxo técnico
Volume	Volume
Historia da escultura	Historia da escultura
Aplicacións informáticas	Aplicacións Informáticas
Taller de talle en madeira (do ciclo Técnicas Escultóricas en Madeira)	Taller de madeira
Taller de técnicas escultóricas en metal (do ciclo Técnicas Escultóricas en Metal)	Taller de metal
Taller de talle en pedra (do ciclo Técnicas Escultóricas en Pedra)	Taller de pedra
Taller de baleirado e moldeado (do ciclo	Taller de baleirado e moldeado



Moldes e Reproducións Escultóricas)

ANEXO IV

Relación de módulos do ciclo formativo de grao superior de Técnicas Escultóricas, regulado no presente decreto, que se validarán por módulos de ciclos formativos de grao superior da familia profesional de Artes Aplicadas da Escultura, cursados e superados en plans de estudos reguladas polo Real decreto 1843/1994, do 9 de setembro

Módulos superados en ciclos formativos de grao superior da familia profesional de Artes Aplicadas da Escultura, regulada polo Real decreto 1843/1994, do 9 de setembro	Módulos que se validan no ciclo formativo de grao superior de Técnicas Escultóricas
Xeometría descritiva	Debuxo técnico
Volume e proxectos	Volume
Historia das artes aplicadas da escultura	Historia da escultura

ANEXO V

Relación de módulos do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas, regulado neste decreto, que se recoñecerán por módulos do ciclo formativo de grao superior en Artes Aplicadas da Escultura cursados e superados en plans de estudos establecidos ao abeiro do Real decreto 1843/1994, do 9 de setembro, ou no Decreto 122/2002, do 7 de marzo

Módulos superados no ciclo formativo de grao superior de Artes Aplicadas da Escultura, regulado polo Real decreto 1843/1994, do 9 de setembro, ou no Decreto 122/2002, do 7 de marzo	Curso(s)	Módulos que se recoñecerán	Curso(s)	ECTS recoñecidos
Debuxo artístico e cor	1º	Debuxo artístico	1º	8
Xeometría descritiva	1º	Debuxo técnico	1º	6
Volume e proxectos	1º	Volume	1º	10
Historia das artes aplicadas da escultura	1º	Historia da escultura	1º	6
Deseño asistido por ordenador	2º	Aplicacións informáticas	1º	6
Formación e orientación laboral	2º	Formación e orientación laboral	1º	4
Materiais e tecnoloxía: artes aplicadas da escultura	1º	Materiais e tecnoloxía da escultura	1º	6



Volume e proxectos	2º	Proxectos escultóricos	1º	14
Taller de baleirado e moldeado artísticos	2º	Taller de baleirado e moldeado	2º	9
Taller de talla artística en pedra	2º	Taller de pedra	2º	9
Taller de talla artística en madeira	1º	Taller de madeira	2º	9
Taller de forxa artística	2º	Taller de metal	2º	9

ANEXO VI

Relación de módulos que poderán ser obxecto de exención por correspondencia coa práctica laboral

- Formación e orientación laboral.
- Taller de madeira.
- Taller de metal.
- Taller de pedra.
- Taller de baleirado e moldeado.